



Teléf.: 981 714 00  
Fax: 981 715 028  
[sede@ponteceso.gal](mailto:sede@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Expediente: 2022/A002/000003

## BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE PONTECESO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADE CULTURAL DO ANO 2022

### Datos do programa

Unidade xestora	Departamentos de Cultura e Deportes
Anualidade	2022
Denominación	Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar actividades culturais durante o ano 2022
Beneficiario	Entidades sen ánimo de lucro con domicilio social no Concello de Ponteceso
Aplicación orzamentaria	2022.334.22K.489.00
Importe da convocatoria	32.000,000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 300,00 € Máximo en función da modalidade: A. Entidades de natureza cultural: 3.000,00 € B. Entidades de natureza veciñal: 1.000,00 € C. Entidades de natureza socioeducativa, corais polifónicas, bandas de música e fundacións: 500,00 €
Importe solicitado	Ata o 100 % do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	1

### 1. OBXECTO

Estas subvencións teñen por obxecto colaborar coas asociacións culturais do municipio de Ponteceso na realización do programa anual de actividade durante o ano 2022, así como contribuír ao mantemento da entidade.

### 2. FINALIDADE

Con estas subvencións o Concello de Ponteceso pretende contribuír á promoción da Cultura e do tecido asociativo de carácter cultural e á potenciación do seu papel no desenvolvemento cultural e na dinamización do territorio, así como favorecer o acceso á cultura dos cidadáns de Ponteceso promovendo a organización e realización de actividades culturais.

Ademais da subvención aos programas culturais, esta tamén se dirixe a outros ámbitos de actuación como o propio mantemento e xestión das asociacións e dos seus locais sociais.

O prazo de realización da actividade comprende o ano 2022.



Teléf.: 981 714 00  
Fax: 981 715 028  
[sede@ponteceso.gal](mailto:sede@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Expediente: 2022/A002/000003

### 3. SOLICITANTES

Poderán solicitar estas subvencións as entidades de natureza esencialmente cultural xuridicamente constituídas, que estean rexistradas e activas no Concello de Ponteceso con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2022, sempre que cumpran ademais os seguintes requisitos:

- Que o ámbito de actuación sexa o termo municipal e desenvolver un programa de actividade cultural dirixido, principalmente, á veciñanza de Ponteceso.
- Carecer de fins de lucro e que as actividades non persigan unha finalidade lucrativa.
- Que, no momento da solicitude, teñan a súa sede social no municipio e realicen a súa actividade cultural regularmente no mesmo e os datos da entidade que figuran no rexistro de asociacións municipais estean actualizados.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica correspondente a exercicios anteriores co Concello.
- Ter un número mínimo de 25 socios/as na data de presentación da solicitude.
- Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade, polo que se considerará que existe só unha persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio. Así mesmo, a participación nesta convocatoria exclúe a participación en calquera outra subvención competitiva convocada polo Concello de Ponteceso na anualidade 2022.

### 4. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES, RÉXIME E CRITERIOS DE CONCESIÓN E PRESUPOSTO

#### 4.1. Actuacións subvencionables

As axudas poderán destinarse á organización e á realización do programa de actividade cultural, así como ao mantemento ou á xestión da asociación ou dos seus locais sociais entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.

- Os gastos xerais do mantemento da asociación (seguros, alugueres de locais sociais, teléfono, internet, web, electricidade, auga, limpeza, persoal contratado para atención ao público ou xestión xeral, gastos financeiros de comisións por mantemento de contas e transferencias bancarias -agás os xuros debedores das contas bancarias-, etc.) consideraranse subvencionables ata un importe de 300 €, independentemente da realización ou non dun programa de actividades culturais.
- Se dentro do programa de actividades culturais se inclúe a edición de libros, revistas ou publicacións (exceptuando folletos ou outros materiais dirixidos unicamente a difundir as actividades), deberá acreditarse o seu carácter cultural e entregar unha copia. Se a dita publicación non estivese editada, especificaranse os obxectivos, contido, índice previstos e un borrador da mesma, se este existise.



- Exclúense desta convocatoria a realización de inversións e de obras de inversión ou infraestrutura, as festas populares e as viaxes de carácter non cultural, así coma os gastos en comida e bebida e gastos de carácter protocolario.

As subvencións son compatibles con outras concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados. Non obstante, a suma do importe das axudas recibidas e dos ingresos obtidos non poderá superar o custo total do programa a desenvolver.

Todos os proxectos subvencionables deberán empregala lingua galega na realización das actividades.

#### 4.2. Réxime de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva, segundo os criterios de valoración que se indican a continuación.

Independentemente da realización ou non dun programa de actividades culturais, os gastos de mantemento e/ou xestión da asociación ou dos seus locais sociais serán subvencionados ata o 100% dos gastos cun importe máximo de 300,00 € para o período do 1 xaneiro ao 31 de decembro de 2022.

#### 4.3. Criterios de valoración do programa de actividade cultural

Para a valoración do programa de actividades culturais presentado teranse en conta os seguintes aspectos que se ponderarán segundo as puntuacións que se indican:

- a) Importancia e interese cultural do programa cultural das actividades (ata 25 puntos) e dos gastos realizados en mantemento ou xestión da asociación ou dos seus locais sociais (ata 25 puntos): máximo 50 puntos.
- b) Número de socios/as da entidade (ata 10 puntos) e número de beneficiarios/as do programa cultural e proxección social do mesmo (ata 10 puntos): máximo 20 puntos.  
(>100=10 puntos; < 100=5 puntos)
- c) Consideración e permanencia das actividades culturais realizadas durante os tres últimos anos (ata 10 puntos), cooperación entre entidades coa vontade de optimizar esforzos e recursos e estímulo da participación na realización das actividades para as que se solicita a subvención; así como a coordinación e complementariedade cos programas municipais (ata 10 puntos): máximo 20 puntos.
- d) Flexibilidade horaria, priorizando a realización nas fins de semana e no tempo de lecer da poboación: máximo 10 puntos.  
(+50%=10 puntos; - 50%=5 puntos)

As técnicas municipais, no informe técnico correspondente, valorarán estes puntos, derivados dos documentos das memorias explicativas das actividades para a que solicita a subvención e da traxectoria das entidades.

No caso de empate, primará a entidade con maior número de socios/as.

--	--



Teléf.: 981 714 00  
Fax: 981 715 028  
[sede@ponteceso.gal](mailto:sede@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Expediente: 2022/A002/000003

Importe da subvención que se vai conceder	<p>A) Entidades de natureza cultural:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- de 76 a 100 puntos: 3.000,00 €</li><li>- de 50 a 75 puntos: 1.000,00 €</li><li>- de 25 a 50 puntos: 500,00 €</li><li>- menos de 25 puntos: 300,00 €</li></ul> <p>B) Entidades de natureza veciñal:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- de 76 a 100 puntos: 1.000,00 €</li><li>- de 50 a 75 puntos: 750,00 €</li><li>- de 25 a 50 puntos: 500,00 €</li><li>- menos de 25 puntos: 300,00 €</li></ul> <p>C) Entidades de natureza socioeducativa, corais polifónicas, bandas de música e Fundacións:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- de 25 a 100 puntos: 500,00 €</li><li>- menos de 25 puntos: 300,00 €</li></ul>
---	---

#### 4.4. Importe da subvención e presuposto

O importe mínimo da subvención será de 300,00 € e o máximo de 3.000,00 €, 1.500,00 € ou 500,00 € segundo as categorías do programa. Se nalgunha das tres categorías restase crédito, poderá destinarse ás restantes categorías.

Para a concesión destas axudas destinarase un presuposto de 32.000,00 €. A tal efecto constan na aplicación orzamentaria 2022.334.22K.489.00 os seguintes asentos contables tipo RC:

Núm. de operación	Núm. de referencia	Finalidade	Importe
220220003885	22022000574	RC MODALIDADE A: Entidades de natureza cultural	21.500,00 €
220220003886	22022000575	RC MODALIDADE B: Entidades de natureza veciñal	4.000,00 €
220220003887	22022000576	RC MODALIDADE C: Entidades de natureza socioeducativa, corais polifónicas, bandas de música e Fundacións	6.500,00 €
TOTAL			32.000,00 €

Se o presuposto total resultase sobrance, poderá destinarse á convocatoria de subvencións a entidades deportivas 2022 do Concello de Ponteceso.

#### 5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

As entidades que soliciten a subvención deberán presentar as súas solicitudes na sede electrónica do Concello de Ponteceso no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP a través da Base de Datos Nacional de Subvencións. A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificando, poderá modificar este enderezo inicial sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente ao Concello.

As solicitudes presentaranse no modelo **(anexo I)** que a tal fin preparará o Concello de Ponteceso e no que deberá constar:



Teléf.: 981 714 00  
Fax: 981 715 028  
[sede@ponteceso.gal](mailto:sede@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Expediente: 2022/A002/000003

- Nome, enderezo postal e electrónico, teléfono, número de socios/as e CIF da entidade solicitante **(anexar copia do CIF)**.
- Nome e apelidos do representante da entidade, NIF, teléfono de contacto e enderezo a efectos de notificación electrónica **(anexar documentación acreditativa do representante)**
- Memoria do programa da actividade cultural realizada no ano 2022, na que se incluírá se a entidade dispón ou non de local social, especificando horarios e uso do mesmo, nome e obxectivo do programa cultural, obxectivos e fins concretos aos que se destinarán as axudas, ámbito de actuación. Para cada actividade incluída no programa cultural se especificará: nome, data e lugar de celebración, duración, breve descrición da actividade, destinatarios, número de participantes previsto, resultados que se pretenden obter, responsable da actividade, entidades que colaboran e o seu grado de responsabilidade así como o resumo do presuposto de gastos e ingresos da actividade.
- Previsión de gastos xerais do mantemento da asociación (seguros, alugueres de locais sociais, teléfono, internet, web, electricidade, auga, limpeza, persoal contratado para atención ao público ou xestión xeral, gastos financeiros de comisións por mantemento de contas e transferencias bancarias (excepto os xuros debedores das contas bancarias ).
- Breve memoria da traxectoria da asociación e das actividades realizadas nos tres anos anteriores.
- Presuposto total e desglosado dos gastos e dos ingresos reais e previstos da asociación no ano 2022, correspondente ao programa cultural da mesma e aos gastos realizados en mantemento ou xestión da asociación e dos seus locais sociais.
- Declaración xurada e detallada das axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade indicando o seu importe e procedencia, ou declaración de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- Declaración xurada conforme se está ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e co Concello de Pontevedra ou autorización expresa para que o Concello faga a comprobación.
- Declaración responsable que acredite que a entidade cumpre o previsto nos artigos 13 e 14 da Lei 38/2003 xeral de subvención do 17 de novembro.
- Número da conta bancaria a nome da asociación **(anexar certificación bancaria)**.
- Lugar, data e sinatura da persoa solicitante.

Os solicitantes non estarán obrigados a presentar aqueles documentos que xa obren en poder do Concello, sempre que non experimentasen modificación algunha desde a súa achega, de conformidade co establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común.

## 6. RESOLUCIÓN

6.1. As técnicas de Cultura e Deportes establecerán a prelación entre todas as solicitudes presentadas, de acordo cos criterios xerais de valoración que se inclúen nas presentes bases reguladoras, formulando a oportuna proposta de concesión provisional que deberá ser motivada e expresar a entidade ou entidades



solicitantes para as que se propón a concesión da axuda, así como a contía e condicións da mesma.

6.2. Logo do informe das técnicas de Cultura e Deportes e o correspondente informe de fiscalización ditarase

resolución de alcaldía de concesión provisional debidamente motivada a cal, ao abeiro do artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, farase pública na páxina web do Concello Ponteceso (<https://sede.ponteceso.gal/opencms/gl/informacion/tablon/>) concedendo un prazo de dez días para presentar alegacións.

Unha vez resoltas as alegacións presentadas, ditarase resolución de alcaldía de concesión definitiva, debidamente motivada, que se publicará na forma descrita no parágrafo anterior.

## 7. REFORMULACIÓN DAS SOLICITUDES

Se o importe da subvención concedida é inferior ao solicitado, de acordo co establecido na Lei Xeral de Subvencións e no seu regulamento, as subvencións reformularanse de forma automática, entendéndose deste xeito, que o beneficiario estará comprometido a realizar a actividade subvencionada cun presuposto total que poderá ser reducido na mesma porcentaxe na que se diminuíu o importe da subvención concedida.

## 8. OBRIGAS DAS ENTIDADES PERCEPTORAS

As entidades receptoras das subvencións estarán obrigadas a:

- Organizar e realizar a actividade para a que foi concedida a subvención dentro do prazo previsto. No caso de producirse calquera alteración relevante no presuposto ou no proxecto da actividade deberá comunicarllo ao Concello, que deberá autorizar o cambio.
- Facer constar nos materiais da difusión e da publicidade do programa subvencionado a colaboración do Concello de Pontevedra, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores, excepto no suposto de que algunha das actividades rematase antes da presentación da solicitude.
- No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas...) estará redactado en galego.
- No caso de que a actividade se realice na vía pública ou ao aire libre, dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra esta actividade e dos permisos correspondentes.
- Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.
- Comunicar calquera outra subvención que soliciten ou que se lles conceda para a mesma finalidade.
- Estar ao corrente nas súas obrigas co Concello de Pontevedra, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria.
- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención Municipal, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o exercicio de comprobación e control.
- Xustificar a actividade subvencionada nos prazos e condicións que se sinalan.
- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realizan.

## 9. PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE

### 9.1. Prazo de xustificación

As entidades receptoras das subvencións poderán presentar a xustificación da subvención unha vez resolta definitivamente a solicitude, e sempre antes do 31 de marzo de 2023.

Finalizado o prazo sen que as entidades presentasen a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto da subvención, os servizos de Cultura e Deportes requiriralle para que no prazo improrrogable de dez días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións.

### 9.2. Documentación xustificativa

- Declaración da realización do programa de actividade obxecto da subvención e memoria do programa da actividade cultural e de mantemento e xestión da entidade e do local social realizada no ano 2022, e dos resultados obtidos, conforme ao modelo que proporcionará o Concello (**anexo II**).
- Declaración detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administración públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto indicando o seu importe e procedencia ou declaración de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto (**anexo II**).
- O Concello de Ponteceso achegará de oficio as certificacións que acrediten que a entidade solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Ponteceso (**anexo II**).
- O Concello de Ponteceso fará unha consulta electrónica automatizada para comprobar que as entidades solicitantes están ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán de indicalo no impreso correspondente e achegar o devandito documento (**anexo II**).
- Documentos que demostren a realización das actividades subvencionadas, como noticias de prensa, fotografías, tríptico ou cartel,... e materiais de difusión e publicidade nos que conste a colaboración do Concello de Ponteceso, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores. No caso de que non fora posible aportar estes documentos explicarse o motivo (**anexar documentación**).
- Conta xustificativa simplificada: declaración detallada e clasificada de todos os gastos e ingresos correspondentes á actividade subvencionada realizada pola entidade, con indicación do concepto de gasto e concepto do orzamento ao que corresponden, acredor, tipo de documento, importe e data de emisión, e indicación das desviacións respecto ao orzamento presentado, asinada polo/a secretario/a da entidade, co visto e prace do seu presidente/a. As facturas e os pagamentos, realizados obrigatoriamente no ano 2022,



deben de corresponder aos gastos que se consideran subvencionables conforme figura especificado na Base 9.3. deberán estar datadas no exercicio económico para o que se concedera a subvención **(anexo III)**.

No caso de presentación dos gastos por un importe inferior ao da subvención, aboarase só o importe presentado.

### 9.3. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidada respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido.

Serán subvencionables os gastos xerais de mantemento da asociación como seguros, alugueres de locais sociais, teléfono, internet, web, electricidade, auga, limpeza, persoal contratado para atención ao público ou xestión xeral, gastos financeiros de comisións por mantemento de contas e transferencias bancarias (excepto os xuros debedores das contas bancarias), etc., ata un importe de 300 €, independentemente da realización ou non dun programa de actividades culturais.

Non serán subvencionables os gastos de inversións e obras de inversión ou infraestrutura, nin os de festas populares e viaxes de carácter non cultural, nin os gastos de comida e bebida e de atencións protocolarias.

## 10. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Vista a documentación xustificativa presentada, logo do informe-proposta dos servizos de Cultura e Deportes e da fiscalización da intervención municipal, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e, neste caso, aprobará as xustificacións presentadas e ordenará o pagamento.

O abono da subvención levarase a cabo mediante transferencia bancaria nun pago único.

## 11. REVISIÓN, ANULACIÓN, RESPONSABILIDADES E RÉXIME DE SANCIÓN

- O Concello de Pontevedra reserva para si o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos e a inversión da cantidade económica outorgada así como a efectiva realización delas, e a estender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

- En caso de incumprimento das obrigas por parte dos perceptores, o Concello procederá á anulación total ou parcial da subvención.

## 12. OUTRAS DISPOSICIÓNS

- O Concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.





Teléf.: 981 714 00  
Fax: 981 715 028  
[sede@ponteceso.gal](mailto:sede@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Expediente: 2022/A002/000003

- A presentación das solicitudes para esta convocatoria implicará a autorización ao Concello de Pontevedra para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar información.

- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, o responsable de tratamento dos datos persoais é o Concello de Pontevedra, con enderezo na rúa do Concello, número 18, 15110 - Pontevedra (A Coruña); [concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal). O delegado de Protección de Datos do Concello de Pontevedra é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en [correo@ponteceso.gal](mailto:correo@ponteceso.gal).

Os datos serán utilizados para prestar o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Pode exercerse o dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello de Pontevedra dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio destes dereitos, mediante unha solicitude propia ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a identidade.

Pódese consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [correo@ponteceso.gal](mailto:correo@ponteceso.gal).

O Concello de Pontevedra subministrará os datos relativos ás subvencións concedidas ao Rexistro Público de Subvencións de Galicia e á Base de Datos Nacional de Subvencións.

### 13. FIN DA VÍA ADMINISTRATIVA

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o alcalde deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña.

### 14. NORMATIVA APLICABLE

Para todo aquilo non previsto expresamente nas presentes bases aplicarase:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontevedra (PES).

### 15. INCORPORACIÓN Ó REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e demais normativa de



Teléf.: 981 714 00  
Fax: 981 715 028  
[sede@ponteceso.gal](mailto:sede@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Expediente: 2022/A002/000003

desenvolvemento, o Concello de Pontevedra remitirá á Base de Datos Nacional de Subvencións a información sobre a concesión das subvencións.

Asinado electronicamente  
O alcalde  
Xosé Lois García Carballido

### Anexo I (solicitude)

NOME DO PROGRAMA CULTURAL:

#### 1. DATOS DA ENTIDADE

Nome:

Enderezo postal:

Enderezo electrónico:

Teléfono:

CIF:

Número de socios/as:

Número da conta bancaria a nome da asociación:

#### 2. DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE

Nome:

Apelidos:

NIF:

Teléfono:

Enderezo a efectos de notificación electrónica:

#### 3. DECLARACIÓNS (MARCAR CUN X)

A entidade solicitou ou ten concedidas axudas/subvención para a mesma finalidade (indicar importe e



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Expediente: 2022/A002/000003

procedencia):

- A entidade non solicitou outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- A entidade está ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e CO Concello de Ponteceso (ou anexar a autorización expresa para que o Concello faga a comprobación).
- A entidade cumpre o previsto nos artigos 13 e 14 da Lei 38/2003 xeral de subvención do 17 de novembro.
- Anexo o CIF e o certificado da conta bancaria da entidade.

#### 4. Memoria do programa da actividade cultural realizada no ano 2022 (punto 5 das bases).

- Se dispón de local social (horario e usos):
- Obxectivo do programa cultural:
- Obxectivos e fins concretos aos que se destinarán as axudas:
- Ámbito de actuación:
- Actividades (de cada unha: nome, data e lugar de celebración, duración, breve descrición, destinatarios/as, núm. previsto de participantes, resultados a obter, responsable da actividade, entidades colaboradoras e grao de responsabilidade, presuposto de gastos e ingresos)

Actividade 1, actividade 2 ...

#### 5. Breve memoria da traxectoria da asociación e das actividades realizadas nos tres anos anteriores.

#### 6. Presuposto total e desglosado dos gastos e dos ingresos reais e previstos no ano 2022 correspondente ao programa cultural e aos gastos realizados en mantemento ou xestión da asociación e dos seus locais sociais.



Teléf.: 981 714 00  
Fax: 981 715 028  
[sede@ponteceso.gal](mailto:sede@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Expediente: 2022/A002/000003

- Gastos:

- Ingresos:

Asinado electronicamente polo/a representante legal



## Anexo II (xustificación)

\_\_\_\_\_, como representante legal da entidade \_\_\_\_\_

Declaro que:

- A entidade solicitou ou ten concedidas axudas/subvención para a mesma finalidade (indicar importe e procedencia):
  - A entidade non solicitou outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
  - Autorizo ao Concello de Pontevedra a facer a consulta electrónica automatizada para comprobar que a entidade solicitante está ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e co propio Concello de Pontevedra.
  - Opóñoome a esta consulta e anexo o devandito documento.
  - Anexo documentación acreditativa e publicitaria das actividades e investimentos realizados.
- Memoria do programa da actividade cultural e do mantemento e xestión da entidade e do local social realizada no ano 2022 ( actuacións, datas de realización, obxectivos cumpridos, resultados obtidos, incidencias...):

Asinado electronicamente polo/a representante legal



### Anexo III (conta xustificativa)

\_\_\_\_\_, como secretario/a da entidade \_\_\_\_\_

Certifico:

- Que os gastos correspondentes á actividade subvencionada realizada por esta entidade foron:

ACREEDOR	CONCEPTO FACTURADO	Nº DE FRA.	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE
GASTO TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA				

- Que os ingresos correspondentes á actividade subvencionada realizada por esta entidade foron:

Concepto	Importe
Total de ingresos xerados	

- As desviacións respecto ao orzamento presentado foron debidas a :

Anexo as facturas e os pagamentos realizados (ano 2022)

Asinado electronicamente polo/a secretario/a e polo/a representante legal